

RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE DECEMBRO DE 2017 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA PARA A INCLUSIÓN OU ACTUALIZACIÓN DOS DATOS NO CENSO PÚBLICO DE ASOCIACIÓNS ESTUDANTÍS DA UNIVERSIDADE DE VIGO E PARA AS AXUDAS PARA ACCIÓNS PARTICIPATIVAS E ASOCIACIONISMO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2018

O Real Decreto 1791/2010 do 30 de decembro (BOE do 31), polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, establece no seu artigo 65.4, que as universidades promoverán a participación estudantil e das asociacións estudantís nas unidades de atención ao estudante nos termos que se establezan as normativas correspondentes.

A Universidade de Vigo pretende fomentar as actividades organizativas por asociación integradas por estudantes da súa universidade e co fin de dar soporte á organización de tales actividades e de estimular a participación estudantil na dinamización sociocultural. En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Facer pública a convocatoria para a inclusión ou actualización dos datos no censo público de asociacións estudantís da Universidade de Vigo e para as axudas para accións participativas e asociacionismo da Universidade de Vigo no ano 2018.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria, xunto coa súa normativa correspondente, no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e na páxina web http://extension.uvigo.es/extension_gl/asociacionismo/guia/.

A inclusión e a actualización dos datos solicitarase no modelo oficial (véxase Anexo I.a) e as axudas para a organización de actividades das asociacións estudantís solicitarase no modelo oficial (véxase Anexo I.b) e presentarse coa documentación esixida nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os modelos estarán dispoñibles na secretaría virtual.

A inclusión e a actualización dos datos no Censo solicitarase **ata o 30 de novembro de 2018**.
As axudas para a organización de actividades solicitarase **ata o 15 de maio de 2018**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte, da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Vigo a 15 de decembro de 2017

O reitor

Por delegación R.R. do 29/06/2017 (D.O.G. do 10 de xuño)

Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais



Manuel José Fernández Iglesias

Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº. 201700020197
15/12/2017 09:22:01

Dilixencia para facer constar que a presente resolución publícase no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo.

Vigo, 15 de decembro de 2017

A Xefa de Sección de Extensión Universitaria

Servizo de Xestión da Extensión
Universitaria
Universidade de Vigo
M^a Teresa Vettore/Pera

BASES DA CONVOCATORIA PARA A INCLUSIÓN OU ACTUALIZACIÓN DOS DATOS NO CENSO DE ASOCIACIÓNS ESTUDANTÍS DA UNIVERSIDADE DE VIGO E PARA AS AXUDAS PARA ACCIÓNS PARTICIPATIVAS E ASOCIACIONISMO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2018.

1. INTRODUCION

Terán a consideración de asociación de estudantes na Universidade de Vigo as que, constituídas de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo e no regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, se comprometan e impliquen na defensa dos bens culturais e universitarios en réxime de liberdade, autonomía, representatividade e auténtica participación dos seus asociados e asociadas, dentro do respecto ao ordenamento xurídico do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e da Universidade de Vigo.

Son beneficiarias desta convocatoria as asociacións estudantís cando a porcentaxe de membros estudantes da Universidade de Vigo sexa igual ou superior ao 50% do total de persoas asociadas. Para ser beneficiarias das axudas, as asociacións estudantís deben tamén estar inscritas no Censo público de asociacións estudantís da Universidade de Vigo.

A estrutura e funcionamento interno das asociacións estudantís deberán ser democráticos e rexerse por uns estatutos aprobados polos órganos competentes.

Tipos de asociación estudantís:

- Asociacións estudantís de ámbito xeral: son aquelas que dirixen a súa actividade ao conxunto da comunidade universitaria, tendo asociados en diversos centros e unha actividade cultural e social que responda aos intereses de persoas e colectivos amplos.

-Asociacións estudantís de ámbito sectorial: son aquelas que restrinxen as súas actuacións a actividades sectoriais ou as que só teñen presenza nunha titulación ou nun ámbito reducido.

Na Universidade de Vigo existe un censo público de asociacións estudantís actualizado, no que se deberán inscribir as asociacións estudantís que se constitúan no seu ámbito, de acordo co Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo e coa lexislación vixente. Este censo deberá actualizarse anualmente, coa finalidade de establecer baremos obxectivos do grao de participación asociativa da comunidade universitaria e de cara á supervisión da concesión de axudas e á participación das asociacións estudantís en todo o referente á vida universitaria (órganos colexiados, convocatorias culturais...).

Para os efectos desta convocatoria, consideraranse asociacións estudantís consolidadas as asociacións cunha certa estabilidade na súa vida organizativa nos últimos anos; valorarase positivamente que teñan concurrido neses anos ás convocatorias de organismos públicos ou privados para financiamento de actividades nos campus. As demais asociacións estudantís consideraranse como de nova creación.

Non se considerarán asociacións estudantís universitarias para os efectos de inscrición no censo de asociacións estudantís aquelas que, coas súas actuacións, infrinxan o Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo.

As asociacións estudiantís solicitantes están de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados e, de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: a xestión administrativa, a oferta e prestación de servizos universitarios, a realización de estatísticas, avaliacións e enquisas, o seguimento dos servizos universitarios.

Tratamentos de datos persoais:

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro (BOE do 14) de protección de datos de carácter persoal, os datos recollidos ao abeiro desta convocatoria, cuxo tratamento e publicación autoricen as asociacións estudiantís interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como informar as asociacións interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Universidade de Vigo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, edificio Miralles, campus universitario s/n – 36310 Vigo // e-mail: vicext@uvigo.

2. INCLUSIÓN NO CENSO PÚBLICO DE ASOCIACIÓNS ESTUDANTÍS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

2.1 Asociacións de estudantes solicitantes para a inclusión no censo público de asociacións estudantís da Universidade de Vigo

As asociacións estudantís que desexen a súa inclusión no censo público de asociacións da Universidade de Vigo xunto coa solicitude (Anexo I.a) deben aportar a seguinte documentación:

- Anexo II: Compoñentes da xunta directiva. Todos os membros teñen que pertencer ao colectivo de alumnado da Universidade de Vigo, ou como mínimo a presidencia, secretaría e tesourería. Este impreso debe presentarse debidamente cumprimentada e asinada pola persoa que ostente a presidencia ou representante legal.
- Acta de constitución da asociación estudantil, debidamente asinada por todos os promotores.
- Certificación da súa condición de asociación estudantil legalizada pola Xunta de Galicia.
- Fotocopia do CIF da asociación.
- Estatutos da asociación estudantil, asinadas en todas as páxinas polos promotores e visados pola Xunta de Galicia e adaptados segundo o establecido na lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo (BOE do 26).
- Certificación da conta bancaria, selada pola entidade, a nome da asociación estudantil.
- Fotocopia do libro de asociados. Indicarase o nome e apelidos, NIF/NIE e a titulación na que se atopan matriculados os/as estudantes membros da asociación, *que non poderán ser menos do 50% do total dos socios*.
- Copia de NIF/NIE da persoa que ostenta a presidencia e do resto de promotores.
- Programa de actividades para o ano 2018, cunha breve descrición de obxectivos e contidos, sendo imprescindible presentar un orçamento de gastos e ingresos previstos. Ten que estar aprobada en asemblea, polo que é preciso que remitan unha copia, debidamente asinada, da súa aprobación.

2.2 Prazo para a inclusión no censo público de asociacións de estudantes da Universidade de Vigo

As asociacións estudantís que soliciten a inclusión no censo deberán encher o modelo oficial de solicitude que se atopa na páxina web da Universidade de Vigo, a través da secretaría virtual https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/2901.

A solicitude, asinada pola persoa que ostenta a presidencia ou representante legal da asociación estudantil, xunto cos documentos esixidos, presentárase nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes **remata 30 de novembro de 2018**.

As asociacións estudantís solicitantes deberán acompañar, obrigatoriamente, a documentación que se indica no apartado 2.1.

2.3 Tramitación

Unha vez recibidas as solicitudes e a documentación complementaria, serán analizadas polo Servizo de Xestión da Extensión Universitaria, co obxecto de comprobar que se atopan debidamente cubertas y suficientemente documentadas. En caso contrario, requirirase á asociación estudantil solicitante para que, no prazo improrrogable de 10 días hábiles proceda a emendar as deficiencias observadas, coa advertencia de que, se non o fixera así, se considera que desiste da súa petición, logo a adopción da oportuna resolución que debe ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De chegar a documentación completa e cumprindo os requisitos establecidos, comunicaráselle ás asociacións estudantís a inscrición no novo censo de asociacións da Universidade de Vigo e teranse en consideración para optar as axudas desta convocatoria.

Tamén se lle poderá requirir, se fose necesario, que acheguen a documentación que se estime oportuna para poder aclarar calquera información que fose de utilidade par poder levar a cabo a concesión da inscrición, actualización ou axuda solicitada.

3. ACTUALIZACIÓN DOS DATOS NO CENSO PÚBLICO DE ASOCIACIÓNS ESTUDANTÍS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

3.1 Para proceder á actualización dos datos no censo, as asociacións estudantís deberán aportar xunto coa solicitude (Anexo I.a) a seguinte documentación:

- **Anexo II: Compoñentes da xunta directiva.** Todos os membros teñen que pertencer ao colectivo de alumnado da Universidade de Vigo, ou como mínimo a presidencia, secretaría e tesourería. Este impreso debe presentarse debidamente cumprimentada e asinada pola persoa que ostente a presidencia ou representante legal.
- **Relación de asociados e asociadas no presente ano (ou copia do libro de asociados).** Indicarase: nome, apelidos, NIF/NIE e a titulación en que se atopan matriculados os membros da asociación estudantil que sexan estudantes da Universidade de Vigo. Estes últimos non poderán constituír unha porcentaxe inferior ao 50% do total de socios e socias.
- **Síntese da actividade da asociación estudantil durante o ano 2017**, con referencia ao funcionamento, programas levados a cabo, sendo imprescindible presentar un *resumo dos orzamentos executados e grao de participación nas actividades*. A programación ten que estar aprobada en asemblea, polo que é preciso que remitan unha copia, debidamente asinada, da súa aprobación.

Se houbera calquera modificación na asociación estudantil deberá presentar xunto coa solicitude (Anexo I.a) a documentación correspondente.

Relaciónase os documentos a presentar para algúns posibles cambios:

- ❖ *Cambio dos membros da xunta directiva da asociación estudantil, deben presentar:*
 - **Anexo II: Compoñentes da xunta directiva.** Todos os membros teñen que pertencer ao colectivo de alumnado da Universidade de Vigo, ou como mínimo a presidencia, secretaría e tesourería. Este impreso debe presentarse debidamente cumprimentada e asinada pola persoa que ostente a presidencia ou representante legal.
 - **Copia da acta** (debidamente asinada) na que se rexistre a xuntanza na que se aprobou a modificación do/s cargo/s, ou certificación expedida pola persoa que ostenta a secretaría o visto e prace da persoa que ostenta a presidencia, do acordo adoptado polo órgano competente para a designación dos novos membros da xunta directiva.
 - **Inscripción no rexistro da Xunta de Galicia** da devandita modificación.
 - **Copia de NIF/NIE** da persoa que ostenta a presidencia.
- ❖ *Modificación dos estatutos da asociación estudantil, deben presentar:*
 - **Anexo II: Compoñentes da xunta directiva.** Todos os membros teñen que pertencer ao colectivo de alumnado da Universidade de Vigo, ou como mínimo a presidencia, secretaría e tesourería. Este impreso debe presentarse debidamente cumprimentada e asinada pola persoa que ostente a presidencia ou representante legal.
 - **Copia da acta** (debidamente asinada) na que figure a aprobación dos novos estatutos ou certificación expedida pola persoa que ostenta a secretaría o visto e prace da persoa que ostenta a presidencia, do acordo adoptado polo asemblea xeral competente para a modificación estatutaria.

- **Estatutos da asociación modificados**, asinados en todas as páxinas polas persoas que ostentan o cargo da presidencia e da secretaría e visados pola Xunta de Galicia e adaptados segundo o establecido na lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo (BOE do 26), nos que conste dilixencia de modificación indicando que foron aprobados por acordo da asemblea xeral, e que substitúen aos anteriores estatutos.
- **Inscrición no rexistro da Xunta de Galicia** da devandita modificación.

❖ *Modificación na denominación da asociación estudantil, deben presentar:*

- **Anexo II: Compoñentes da xunta directiva.** Todos os membros teñen que pertencer ao colectivo de alumnado da Universidade de Vigo, ou como mínimo a presidencia, secretaría e tesourería. Este impreso debe presentarse debidamente cumprimentada e asinada pola persoa que ostente a presidencia ou representante legal.
- **Copia da acta** (debidamente asinada) na que figure a aprobación do cambio de denominación da asociación ou certificación expedida pola persoa que ostenta a secretaría o visto e prace da persoa que ostenta a presidencia, do acordo adoptado polo asemblea xeral competente para a modificación da denominación da asociación.
- **Estatutos da asociación estudantil modificados**, asinados en todas as páxinas polas persoas que ostentan o cargo da presidencia e da secretaría e visados pola Xunta de Galicia e adaptados segundo o establecido na lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo (BOE do 26), nos que conste dilixencia de modificación indicando que foron aprobados por acordo da asemblea xeral, e que substitúen aos anteriores estatutos.
- **Inscrición no rexistro da Xunta de Galicia** da devandita modificación.
- **Fotocopia do CIF da asociación estudantil** (tarxeta de identificación fiscal).
- **Certificación da conta bancaria**, selada pola entidade, a nome da asociación estudantil.

3.2 Solicitude e prazo para a actualización dos datos no censo público de asociacións estudantís da Universidade de Vigo

O impreso de solicitude para a actualización dos datos no censo público de asociacións estudantís da Universidade de Vigo (Anexo I.a) está dispoñible na páxina web da Universidade de Vigo, a través da secretaría virtual https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/2901.

A solicitude para a actualización de datos, asinada polo persoa que ostenta a presidencia ou representante legal da asociación, presentarase, xunto cos documentos esixidos, nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As asociación que soliciten a actualización dos datos deberán acompañar, obrigatoriamente, a documentación que se indica no apartado 3.1.

O prazo para a presentación da solicitude e documentación da actualización de datos anual, remata do 30 de novembro de 2018, sendo requisito imprescindible para que as asociacións estudantís continúen inscritas no censo público, e en todo caso, requisito para optar as axudas desta convocatoria.

3.3 Tramitación

Unha vez recibidas as solicitudes e a documentación complementaria, serán analizadas polo Servizo de Extensión Universitaria, co obxecto de comprobar que se atopan debidamente cubertas y suficientemente documentadas. En caso contrario, requirirase á asociación estudantil solicitante para que, no prazo improrrogable de 10 días hábiles proceda a emendar as deficiencias observadas, coa advertencia de que, se non o fixera así, se considera que desiste da súa petición, logo a adopción da oportuna resolución que debe ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Tamén se lle poderá requirir, se fose necesario, que acheguen a documentación que se estime oportuna para poder aclarar calquera información que fose de utilidade par poder levar a cabo a concesión da inscrición, actualización ou axuda solicitada.

4. AXUDAS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES

4.1- Asociacións estudiantís destinatarias e dotación das axudas

Estas axudas están destinadas ás asociacións de estudantes que figuren no censo público de asociacións estudiantís da Universidade de Vigo e teñan os datos actualizados a 15 de maio de 2018 (data de finalización da presentación de solicitudes para estas axudas).

As asociacións estudiantís poderán solicitar axudas para a organización de actividades, segundo as seguintes modalidades:

- a) Asociacións estudiantís de ámbito xeral con implantación en varios campus consolidadas:
Poderán solicitar ata un máximo de 800 euros por ano para a organización de actividades, sempre que se realicen en máis dun campus.
- b) Asociacións estudiantís de ámbito xeral con implantación nun campus consolidadas: poderán solicitar ata un máximo de 500 euros por ano.
- c) Asociacións estudiantís sectoriais consolidadas: poderán solicitar ata un máximo de 250 euros por ano.
- d) Asociacións estudiantís de nova creación: poderán solicitar ata un máximo de 100 euros por ano.

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo ás aplicacións orzamentarias:

- 2018OUR1 211E 48401 no campus de Ourense, non podendo exceder de 2.000€.
- 2018PON1 211E 48401 no campus de Pontevedra, non podendo exceder de 1.000€.
- 201800EU 211E 48401 no campus de Vigo, non podendo exceder de 1.500€.

Non poderán ter a condición de beneficiarias as asociacións estudiantís nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quedan excluídas desta convocatoria de axudas:

- As actividades que reciban financiamento de calquera outra convocatoria da Universidade de Vigo.
- As actividades organizadas con motivo dos patróns dos centros.
- Os cursos.
- As asociacións estudiantís que contén con menos do 50% dos seus socios e socias matriculados na Universidade de Vigo.

4.2- Solicitudes e documentación

As asociacións estudiantís solicitantes deberán encher o modelo oficial da solicitude que se atopa na páxina web da Universidade a través da secretaría virtual https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/2908.

As asociacións estudiantís solicitantes, deberán acompañar, obrigatoriamente, a seguinte documentación, no momento da presentación da solicitude:

- Datos da actividade (Anexo II).
- Orzamento estimado da actividade (Anexo III)
- Informe no que se xustifique con mais detalle o interese e alcance da actividade, incluíndo un breve currículo das persoas ou grupos de participantes.
- Documento acreditativo da concesión de subvencións, axudas, ingresos externos á Universidade de Vigo que financien a devandita actividade (indicando a contía da subvención), de ser o caso.

A solicitude, asinada polo persoa que ostenta a presidencia ou representante legal da asociación estudantil, xunto cos documentos esixidos, presentárase nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e dirixíranse á vicerreitoría do campus onde actúe a asociación estudantil solicitante:

- As asociacións estudantís que actúen no campus de Vigo: á Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, edificio Miralles, campus universitario, 36310 Vigo.
- As asociacións estudantís que actúen no campus de Ourense: á Vicerreitoría do campus de Ourense, edificio das Facultades, campus As Lagoas.
- As asociacións estudantís que actúen no campus de Pontevedra: Casa das Campás, rúa don Filiberto, 9-11, 36002 Pontevedra.

No caso das asociacións estudantís con implantación en varios campus, realizarán a petición nun deles, que notificará aos demais afectados a efectos de cómputo anual de axudas concedidas.

O prazo de presentación de solicitude remata o **día 15 de maio de 2018**.

Cada solicitude deberá presentarse con antelación suficiente á data de comezo da actividade.

4.3- Resolución e notificación

A Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o Consello de Campus correspondente estudará as solicitudes presentadas e resolverá estas axudas. Poderase solicitar calquera información adicional que precise (en particular a relacionada coa actividade económica) e subvencionará as actividades, dentro dos límites orzamentarios.

A resolución de concesión será notificada a persoa que ostente a presidencia da asociación estudantil ou representante legal da asociación e nela se lle indicará o procedemento para percibir a axuda.

4.4-Aceptación da axuda

Farase mediante un documento asinado pola persoa que ostenta a presidencia ou representante legal da asociación de estudantes, no cal se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nas presentes bases e as condicións aprobadas pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o Consello de Campus correspondente para a realización da actividade, e asumir todas as responsabilidades do destino da axuda.

Deberá enviar confirmación por escrito da aceptación da axuda para as actividades pola cantidade aprobada.

Co obxecto de cumprir coas condicións da convocatoria ten a obriga de:

1. Mencionar na publicidade (carteis trípticos...) que esta actividade é patrocinada pola Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, xunto cos logos da Universidade de Vigo.
2. Non poderá facer campañas institucionais en nome da Universidade nin usar a imaxe e logotipos da mesma sen permiso previo.
3. Comunicar calquera modificación para realizar as actividades aprobadas ou dos compromisos adquiridos deberá ser avaliada e aceptada pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o Consello de Campus correspondente.
4. Enviar á Vicerreitoría que lle concedeu a axuda, unha vez finalizada a actividade, nun prazo non superior a 10 días un informe e 2 exemplares da publicidade.

4.5- Seguimento e libramento da axuda

A axuda librarase na conta da asociación estudantil despois de realizadas as actividades para as que se aprobou.

O prazo para presentar a documentación para o libramento da axuda será dun mes dende a realización da actividade e **sempre antes do 15 de outubro de 2018**.

Será necesario presentar, conformados ou asinados pola persoa que ostenta a presidencia da asociación de estudantes:

- Facturas de gastos, como xustificante do gasto realizado, por un importe igual ou superior a axuda concedida.
- Memoria da actividade, tanto da realización do programa como da memoria económica.
- Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable de non ter pendentes de pagamento débedas coa Universidade de Vigo nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para esta mesma actividade das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.
- Impreso cuberto cos datos bancarios da asociación estudantil a quen se lle concede a axuda.
- Copia do CIF da asociación.

Da cantidade concedida, descontaranse as subvencións, ingresos... que obtivera esta asociación estudantil para esta actividade doutras institucións ou empresas e que non estean contempladas no orzamento de ingresos presentados na súa solicitude.

4.6- Revogación das axudas

A concesión destas axudas serán revogadas polo seguintes motivos e de ser o caso, suporá o reintegro por parte das asociacións beneficiarias das cantidades incorrectamente percibidas:

- A ocultación ou falseamento de datos, a súa alteración ou calquera información solicitada.
- A non realización da actividade subvencionada.
- A non inclusión da difusión da subvención recibida.
- O incumprimento das obrigas especificadas nesa convocatoria.